

PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO CONTRATO DE SERVIZO DE “LECTURA DE CONTADORES DE AUGA E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO CONCELLO DA ESTRADA”.

1.- OBXECTO DO CONTRATO.

É obxecto do contrato o servizo de “lectura de contadores de auga e outros servizos” no Concello da Estrada.

As prestacións e características técnicas do servizo a desenvolver aparecen precisadas nos correspondentes Pregos de Prescripcións Técnicas de 13 de xaneiro de 2017.

A este respecto, hai que sinalar que na correspondente Ordenanza Fiscal (a Ordenanza Fiscal nº 24, reguladora da taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos), segundo modificación introducida polo Concello Pleno, permítense lecturas trimestrais (4 ó ano, polo tanto, a realizar).

Este contrato encádrase na categoría de contrato administrativo típico de servizos, regulado basicamente no capítulo V título II do libro IV do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP ou RD Lexislativo 3/2011).

Código CPV: 65500000-8

Caso de contradición entre os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e os Pregos de Prescripcións Técnicas, prevalecerán os primeiros.

2.- ORGANO DE CONTRATACIÓN.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, o Alcalde é o órgano de contratación deste contrato, atopándose delegada dita atribución na Xunta de Goberno Local en virtude do Decreto nº 682/2015, de 15 de xuño.

3.- PREZO DO CONTRATO E FINANCIAMENTO

a) Prezo do contrato.- O valor estimado do contrato, refírese á duración total do mesmo, incluídas as prorrrogas que puideran producirse. É dicir, segundo o sinalado na cláusula 6^a destes Pregos, é de 1 ano.

Pártese da cantidade de 1,25 euros, IVE engadido, por cada lectura de contador realizada.

E pártese da realización de 4 lecturas anuais, tendo en conta que esas son as previstas na modificación da Ordenanza fiscal nº 24.

A efectos de cálculo do valor estimado, considéranse 5.885 usuarios, segundo o explicado na Providencia do Concelleiro de Economía e Facenda de 12 de xaneiro de 2017.

Tendo en conta estes datos, resulta un valor estimado do contrato de 24.318,18 euros anuais; o IVE a engadir, do 21% serían 5.106,82 euros, o que resulta un total de 29.425,00 euros anuais.

En canto ó tipo de licitación por cada lectura será de 1,25 euros, (1,03 euros máis 0,22 euros de IVE.). Os licitadores deberán ademais ofertar un prezo para os traballos e subministros enumerados nos apartados 2 a), b), c) e d), do prego de prescripcións técnicas que non terá repercusión económica no contrato.

b) Financiamento.- Existe credito suficiente no orzamento prorrogado de 2016 na partida nº 161.22706.

4.-FORMA DE ADXUDICACIÓN

O contrato será adxudicado polo procedemento negociado sen publicidade, conforme ó disposto no artigo 174, 177.2 e 178 do TRLCSP.

A tramitación será ordinaria conforme ós artigos 109 e seguintes do TRLCSP.

5.- PAGO DO PREZO DE ADXUDICACIÓN E REVISIÓN DE PREZOS

A facturación dos servizos efectuarase por períodos de lectura vencidos, dentro do mes seguinte ao termo de cada período natural de lectura, nos que se recollerá o número de usuarios existentes no devandito período e sobre os que se aplicará o prezo unitario por lectura ofertado polo licitador para o cálculo do imoporte polos traballo realizados. Os licitadores deberán ofertar o precio unitario en euros por lectura. As facturas serán expedidas cos requisitos preceptivos, debendo de ser conformadas polo Concelleiro Delegado correspondente ou polo Sr. Alcalde-Presidente, e aprobaranse na Xunta de Goberno Local.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas do Sector Público, que deberán conter os seguintes códigos:

- CODIGO OFICINA CONTABLE: Lo1360176 facturación.
- CODIGO ÓRGANO GESTOR: Lo1360176 Concejalía de Economía e Facenda.
- CÓDIGO UNIDAD TRAMITADORA: Lo136076 Intervención.

Dada a súa duración non superior a un ano, e de conformidade co disposto no artigo 89 do TRLCSP, este contrato non terá fórmula de revisión de prezos.

6.- DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato terá unha duración de un ano, con posibilidade de prorrogarse por outro ano, a contar desde a data sinalada no documento de formalización contractual. Se no mesmo non se indicara nada, a data de comezo da prestación será precisamente a da sinatura do contrato.

7.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións para contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

1. A capacidade de obrar do empresario acreditarase:

- a) Dos empresarios que foren **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, de ser o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- b) Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, mediante a súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
- c) **Dos demais empresarios estranxeiros**, co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da non concorrenza nalgunha das prohibicións de contratar reguladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro poderá realizarse:

- a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos; cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, este poderá ser substituído por unha

declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, un notario público ou un organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituirse tamén por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A solvencia do empresario:

3.1. A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, un xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios que non estean obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán presentar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, de ser o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido, como máximo, aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

3.2. A solvencia técnica do empresario poderá ser acreditada, segundo o artigo 78 do TRLCSP, por un ou varios dos seguintes medios:

- a) Unha relación dos principais servicios ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclua importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servicios ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeto privado, mediante un certificado expedido por éste ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.
- b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.
- c) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.
- d) Descripción das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e os medios de investigación e estudio da empresa.
- e) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos, á que se adxuntará a documentación acreditativa pertinente.

Todos estes documentos, necesarios para acreditar a solvencia económica e finanaciera e técnica dos licitadores, poderán ser substituídos, pola presentación do documento acreditativo da súa inscrición no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia. (Recordar que este documento só deberá presentarse polo proposto como adjudicatario no momento que lle sexa requerido xunto coa proposta de adjudicación).

8.-GARANTÍA PROVISIONAL

De conformidade co artigo 103 da TRLCSP, non se esixe garantía provisional.

9.-CONSULTA EMPRESARIOS E APERTURA PRAZO PRESENTACIÓN DE OFERTAS

De conformidade co dispuesto no artigo 169 e 178 do TRLCSP, se procederá a cursar invitación a un mínimo de tres empresas que, en principio, se consideren capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

Aobeiro do Acordo do Consello de Ministros de 16 de decembro de 2016, de maneira previa a cursar as invitacións, no perfil do contratante do Concello da Estrada publicarase anuncio de licitación, por prazo

de sete días hábiles, a contar dende o seguinte as publicación do anuncio no perfil, para que os operadores económicos poidan presentar as correspondentes ofertas. O anuncio permitirá acceder aos pregos, que serán obxecto de publicación integra no perfil xunto con aquel.

O órgano de contratación pode decidir libremente en vista das ofertas presentadas trala exposición pública, non cursar invitacións se o número e características das empresas que presenten oferta fora axeitado e suficiente para garantir a libre concurrencia e a competitividade.

10.-COMUNICACIÓN COS LICITADORES

A excepción das cartas de invitación e das adxudicacións, tódalas comunicacións entre o Concello e os licitadores durante o procedemento de contratación, poderánse producir por medio de publicacións no Perfil do contratante e/ou fax e/ou correo electrónico. Todo isto, sen prexuízo de que a Administración decida a utilización doutros medios.

11.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Recibida a carta de invitación do Concello, as empresas disporán do prazo de 5 días naturais, contados desde o día seguinte ó da recepción da invitación, para a presentación da proposición no Rexistro xeral do Concello da Estrada, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

Ao mesmo tempo aqueles que non sendo invitados, presentasen oferta no prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte as publicación do anuncio no perfil do contratante, xunto con estes pregos, o deberán facer tamén no Rexistro xeral do Concello da Estrada, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

Caso de que o último día de prazo fora inhábil ou sábado, o prazo quedará prorrogado, ata o seguinte día hábil non sábado.

Tamén se poderán presentar por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común e no artigo 80 do R. D. 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, agás por correo electrónico.

Cando a documentación se envíe por calquera dos procedementos antes sinalados o empresario deberá xustificar a data e a hora da imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante correo electrónico (secretaria@aestrada.es), ou tamén mediante fax (número 986 571469) ou telegrama, sempre no mesmo día.

Os contratistas interesados na licitación deberán presentar **un único sobre**, no que se escribirá de forma lexible e visible a seguinte inscripción:

"Documentación Administrativa e Oferta do procedemento negociado sen publicidade para o servizo "Servizo de lectura de contadores de auga e servizos complementarios", presentada por".

No interior dese sobre deberán vir á súa vez dous sobres, segundo o previsto nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (Sobre A: Documentación Administrativa; Sobre B: Oferta).

--SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA-

Esta documentación irá nun sobre pechado no que se fará constalo seguinte: **"Sobre A: Documentación administrativa do procedemento negociado sen publicidade para a realización do SERVIZO DE LECTURA DE CONTADORES DE AUGA E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS, presentada por"**

En aplicación do disposto no art. 146 do TRLCSP, na redacción dada polo art. 44.4 da Lei 14/2013, de 27 de setembro de 2103, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, a documentación administrativa, no momento de presentación da proposición consistirá nunha **declaración responsable que vai unida a este prego como anexo I**, respectando o modelo que se xunta. Dita

- declaración debe ter como data de referencia a de finalización do prazo de presentación de proposicións, e en todo caso, o licitador en quen recaia a proposta provisional de adxudicación, ou aquel que sexa requerido polo órgano de contratación, deberá acreditar ante dito órgano, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos no art. 146.1 do TRLCSP, que de seguido se relaciona:

A.- PORTADILLA

Escrito, asinado polo mesmo que asinará no seu caso o contrato, no que conste o número de teléfono e de fax, endereço, e a persoa á que dirixi-las comunicáns e requirimentos que sexa preciso realizar durante o procedemento de contratación.

B.- CAPACIDADE

Empresario individual: Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade, pasaporte ou documento equivalente.

Persoas xurídicas:

-Fotocopia compulsada do DNI do asinante da proposición.

-Escritura de constitución e modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, que lle sexa aplicable.

-Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada

Empresas non españolas de estados membros da Unión Europea:

-Certificación de inscripción no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas, ou declaración xurada ou certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Empresas non comunitarias:

-Informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente (ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa) relativo á súa capacidade de obrar.

-Informe da Misión Diplomática Permanente española de que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

As empresas estranxeiras (tanto as comunitarias como as non comunitarias) presentarán a súa documentación traducida de forma oficial ó castelán ou ó galego.

C.- PODERES

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou Persoa xurídica, deberá acompañarse Poder bastante para representar á Persoa ou Entidade en nome da que vai actuar ante a Administración.

A mera presentación do Poder equivale a unha declaración expresa do apoderado de que o poder se atopa en vigor.

D.-BASTANTEO

Os poderes ós que se refire o apartado anterior deberán bastantearse previamente polo Secretario Xeral da Corporación, Notario ou letrado en exercicio.

E.- DECLARACIÓN RESPONSABLE E XUSTIFICACIÓN DE ESTAR Ó CORRENTE DAS OBRIGACIÓNIS TRIBUTARIAS E PARA COA SEGURIDADE SOCIAL

Declaración de non estar incuso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 60 do TRLCSP, que recollerá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes (sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal circunstancia deba presentarse en todo caso antes da adxudicación, pola parte do licitador que previsiblemente vai resultar adxudicatario).

F- ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA E TÉCNICA:

A) Solvencia económica e financeira

Deberase acreditar unha cifra media de negocio dos traballos realizados pola empresa nos últimos tres anos igual ou superior á do orzamento total do contrato, IVE incluído.

Documentación a presentar:

a) No caso de entidades con personalidade xurídica propia (sociedades mercantís):

contas anuais (Conta de Perdas e Ganancias) dos tres últimos anos presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda e/ou os modelos 200 (Declaración-liquidación do Imposto sobre Sociedades) dos tres últimos anos

b) No caso de titulares de actividades económicas no ámbito do Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas (IRPF)

b.1) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación directa normal ou simplificada

Libro de rexistro de vendas e ingresos dos tres últimos anos (debendo estar debidamente legalizados para aqueles que teñan a dita obriga).

Modelo 390 (declaración-resumo anual do IVE) dos tres últimos anos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas) dos cinco últimos anos.

b.2) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación obxectiva

- Libro de rexistro de vendas e ingresos dos tres últimos anos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas) dos últimos cinco anos.
- Declaración responsable asinada polo representante legal que acredite que o libro de rexistro de vendas e ingresos reflicte a imaxe fiel da actividade económica da empresa. En caso de non dispor deste libro a declaración debe acreditar que o rendemento neto da actividade reflicte a imaxe fiel da súa actividade económica.

E, en todo caso acreditarase por calquera dos medios previstos no artigo 75 do TRLCSP.

B) Solvencia técnica

Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, cando o destinatario sexa privado, mediante certificado expedido por este e, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario

Os licitadores presentarán a relación do persoal co que contan para o desenvolvemento do programa, facendo constar a titulación e experiencia de traballo con persoas maiores de alomenos un ano na realización de actividades. A titulación do persoal acreditarase mediante certificados expedidos e visados polo órgano compete

E, en todo caso, acreditarase por calquera dos medios previstos no artigo 78 do TRLCSP.

De conformidade co art. 74.2 do TRLCSP, tamén servirá para acreditar a solvencia económica e técnica do empresario, a súa clasificación en contratos do mesmo tipo, de optar por esta opción sería suficiente:

Grupo L, Subgrupo 4, Categoría A

G- SOMETEMENTO DAS EXPRESAS ESTRANXEIRAS ÓS TRIBUNAIS ESPAÑOIS

Declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de xeito directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ó licitante.

H.- FIANZA PROVISIONAL

Non se esixe.

--SOBRE B: OFERTA--

A oferta presentarase nun sobre pechado, que levará a inscrición: "**Sobre B: Oferta do procedemento de contratación para o SERVIZO DE LECTURA DE CONTADORES DE AUGA E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS , presentada por**"

A oferta se realizará conforme ó modelo que se inserta a continuación:

"Don....., con DNI....., actuando en nome (táchese a que non proceda) propio/da empresa manifesta que no procedemento negociado sen publicidade para a contratación do "Servizo de lectura de contadores de auga e servizos complementarios", coñece e acepta tódolos requisitos e condicións polos que se rexe o contrato, conforme ós Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, e a lexislación que lle é aplicable.

-Manifesta que se compromete a asumir o cumprimento do citado contrato polo importe de€ (en número) IVE incluido, por lectura realizada, € (en número).

-Manifesta, asemade, que, sendo o período de garantía mínimo de un ano, ofrece como período de garantía adicional(a maiores de ese ano mínimo).....(a expresar en anos enteros ou metades, cun mínimo de medio ano)

Así mesmo oferta realizar os servizos que de seguido se relacionan, de serlle riquiridos, e sen repercusión na oferta deste contrato, polos importes de:

- a) Unidades de traballo para substitución, montaxe e desmontaxe, incluído pequeno material necesario, segundo o seguinte detalle de calibres:(o importe aquí referido é máximo, podendo ofertar os licitadores importes inferiores)

Calibre/mm	Importe unitario sen IVE (A)	IVE (B)	Total unitario con IVE (A+B)
$\emptyset \leq 20$	16,53 €	3,47 €	20,00 €
$20 < \emptyset \leq 40$	20,66 €	4,34 €	25,00 €
$40 < \emptyset \leq 100$	57,85 €	12,15 €	70,00 €
$100 < \emptyset$	132,23 €	27,77 €	160,00 €

- b) A unidade de verificación e a de reparación ofertarase indicando o tempo previsto para realizar cada unha:

Calibre/mm	Importe unitario sen IVE (A)	IVE (B)	Total unitario con IVE (A+B)	Tempo
$\emptyset \leq 20$	30,58 €	6,42 €	37,00 €	
$20 < \emptyset \leq 40$	30,58 €	6,42 €	37,00 €	
$40 < \emptyset \leq 100$	30,58 €	6,42 €	37,00 €	
$100 < \emptyset$	30,58 €	6,42 €	37,00 €	

- c) Subministro de contadores para autoconsumo do Concello da Estrada ou comprobación de consumos por zonas, e para servir aos abonados que o requiran como consecuencia da renovación obligatoria de contadores por antigüedad dos mesmos ou por calquera outra causa, previa orde de traballo municipal ordeando a tarefa a realizar.

A valoración da oferta efectuarase sobre os prezos de contadores mecánicos de fabricantes con certificación ISO 9001 para o deseño, desenrolo e producción dos contadores ofertados. Como prezo máximo terase o 100% do importe da tarifa oficial de venda o público, do fabricante en vigor no intre de presentar as ofertas. Ofreceranse prezos para os calibres que se indican indicando o fabricante e tipo de contador ofertado:

Subministro de contadores mecánicos	Tipo	Fabricante	Importe tarifa P.V.P. (IVE engadido)	Importe ofertado (IVE engadido) (máx. 100 P.V.P.)
13 mm				
15 mm				
20 mm				
25 mm				
30 mm				
40 mm				
50 mm				
65 mm				
80 mm				
100 mm				
125 mm				

150 mm				
200 mm				

Así mesmo, aportarase información técnica dos contadores ofertados e certificados de fabricación segundo norma ISO 9001.

Lugar, data e sinatura do licitador

12.- CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN

Os criterios de negociación serán os seguintes:

- 1.- Prezo: ata 9 puntos
 - 2.- Ampliación do prazo de garantía: ata 1 punto.
- A puntuación outorgarase cun máximo de dous decimais.

1.-Prezo (ata 9 puntos)

A estes efectos, o prezo sinalado refírese o tipo de licitación. Trátase da cantidad a pagar ó contratista, incluindo o IVE por cada lectura realizada. As ofertas que formulen os interesados poderán incluir ata un máximo de dous decimais.

A proporción económica correspondente ás ofertas presentadas avaliarase con un máximo de 9 puntos, outorgando a máxima puntuación á empresa que presente a mellor oferta respecto do prezo tipo de licitación, con cero puntos a oferta tipo e o resto proporcionalmente no intervalo.

2.- Ampliación do prazo de garantía (ata 1 punto)

Tratarase da ampliación do prazo de garantía por enriba do prazo xa inicialmente previsto nos Pregos. Expresaránse en anos enteiros ou metades, outorgándose un punto por un ano de ampliación de prazo e 0,50 por cada 6 meses de ampliación.

Así mesmo deberán facer unha oferta para o servizos especificados nos apartados 2. a, b, c e d do prego de prescripcións técnicas, sin repercusión na valoración da oferta, e que deberán manter sin incremento durante toda a duración do contrato.

Terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña na súa plantilla maior número de traballadores minusválidos (non inferior as 2%) de conformidade co establecido na Disposición Adicional 4ª do TRLCSP., de persistir o empate entre dúas ou máis empresas, resolverase por sorteio.

13.- OFERTAS ANORMAIS OU DESPROPORCIONADAS.

Cando o órgano de contratación identifique una proposición que poida ser considerada desproporcionada, notificará esta circunstancia aos licitadores comprendidos nela, para que no prazo de cinco días xustifiquen ditas ofertas e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionais favorables das que dispoñan para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas a protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

Considerarase desproporcionada ou temeraria cando se formulen unhas porcentaxes de melloras que se atopen nos seguintes supostos:

1. Cando concorrendo un so licitador exceda en máis de 25 unidades porcentuais ao presuposto base de licitación.
2. Cando concorran dous licitadores, as que excedan en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas, excluíndose para o cómputo da media a oferta de contía más elevada, sempre que supere en 10 puntos porcentuais dita media.
4. Cando sexan catro licitadores ou máis, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de dez unidades porcentuais, procederanse ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

14.- APERTURA E CALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E OFERTAS. NEGOCIACIÓN. PROPOSTA DE CALIFICACIÓN DE OFERTAS DESPROPORCIONADAS, EXCLUSIÓN E CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS RESTANTES.

1. Concluido o prazo de presentación de proposicións, o órgano encargado (o Alcalde-Presidente, asistido pola Secretaria Municipal) procederá ao exame da declaración responsable e documentación do sobre A.

2. Se se observaran defectos ou omisiones subsanables na documentación presentada se comunicará aos interesados concedéndolle un prazo de tres días hábiles para subsanación.

3. Calificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisiones o órgano encargado(o Alcalde-Presidente, asistido pola Secretaria Municipal) procederá a declarar as admitidas e as rexeitadas con expresión das causas. Así mesmo, subsanadas ditas deficiencias ou acto seguido tras a apertura da documentación xeral, para o suposto de que non fora necesaria ou procedente a concesión de prazo de subsanación, o órgano encargado procederá á apertura das ofertas iniciais, con exclusión das rexeitadas segundo o exposto.

4. O Alcalde-Presidente, asistido pola Secretaria Municipal, órgano encargado de valorar as propostas ao non proceder mesa de contratación, procederá do seguinte xeito:

- Preparará un informe inicial de valoración no que se analicen as proposicions económicas e, no seu caso, técnicas presentadas en relación cos criterios de adxudicación e se expresen as características e vantaxes de cada unha delas. O informe determinará cál é a mellor oferta respecto de cada un dos criterios obxecto de valoración.

- Non obstante, se o órgano encargado da tramitación detectase que unha oferta inicialmente presentada podería ser calificada, xa neste momento, como anormal ou desproporcionada, aplicando os criterios precisados en el art. 13 destes pregos, requerirá á empresa en cuestión para que, no prazo de 3 días hábiles, xustifique a súa oferta, en base ao sinalado no mencionado art. 13. De non xustificarse adequadamente procederá a sua exclusión. De admitirse tras as oportunas explicaciones, advertirase, respecto aos seus criterios que sexan os máis favorables, que responden a unha oferta que foi inicialmente considerada como desproporcionada, áinda que finalmente admitida, co fin de que os restantes licitadores coñezan esta circunstancia á hora de efectuar as súas propias ofertas.

- Invitará a negociar aos 3 licitadores mellor clasificados no seu conxunto, así como aos que formulasen, respecto de cada criterio, a mellor das propostas. En tal invitación determinarase cál é a mellor oferta respecto de cada criterio negociable, sen especificar a qué candidato corresponde, nin a posición de cada un deles no informe inicial, nin se identificará siquera aos candidatos que presentaran proposicións. Neste suposto concreto, invitarase a negociar aos 3 licitadores que presentaran as tres mellores ofertas, ao abeiro do establecido no artigo 13 destes pregos

Non se invitará a negociar ás empresas que formularan proposicións que incumpran as prescripcións do prego non susceptibles de negociación, nin a aquellas que varíen os criterios ou subcriterios inicialmente contemplados.

- Os licitadores precisados no apartado anterior disporán dun prazo de 2 días hábiles, contados desde a recepción da invitación, para formular a sua contestación.

A contestación do licitador deberá mellorar os termos da súa oferta inicial ou indicar que se mantén nos terminos orixinais.

As novas ofertas que se presenten deberán estar sempre orientadas globalmente á mellora das súas condicions iniciais. Asimesmo, deberán sempre concretar a mellora que se ofrece, polo que non se admitirá o ofrecemento xeral de igualar os terminos da oferta más vantaxosa doutro licitador no criterio considerado.

As contestacións presentaranse, no prazo indicado, no rexistro municipal. Incluiranse nun sobre pechado e identificarse mediante o título: "**Segunda oferta no procedemento negociado sen publicidade para a realización do SERVIZO DE LECTURA DE CONTADORES DE AUGA E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**, e irán dirixidas ao "Órgano encargado da

negociación do Concello da Estrada”.

- Efectuados os trámites anteriores, darase por concluida a fase de negociación. O órgano encargado efectuará un informe final de valoración debidamente motivado. Comprobará a existencia de ofertas desproporcionadas, tramitando o procedimiento segundo o art. 10 destes pregos; e realizará a proposta de clasificación de ofertas desproporcionadas.

5. As comunicaciones dos acuerdos adoptados polo órgano encargado da negociación serán asinados pola Secretaria Municipal.

Remitiranse por escrito e, en atención á axilidade que demanda o procedemento negociado e a súa admisibilidade contrastada por diferentes órganos especializados, consideraranse válidas e eficaces as notificacións aos números de fax sinalados polas empresas ou empresarios dos seguintes actos:

O requerimento de subsanación da documentación presentada, segundo o apartado 2 do presente artigo.

A comunicación das propostas rexeditadas segundo o apartado 3 do presente artigo.

O requerimento de xustificación das ofertas inicialmente calificadas como anormais ou desproporcionadas, segundo o apartado 4 do presente artigo.

As invitacions a negociar segundo o apartado 4 do presente artigo, sempre que polas súas características ou volume fora posible; así como o acordo de exclusión da negociación, segundo o mesmo apartado, no seu caso.

As empresas ou empresarios participantes deberán manter operativos os seus faxes, e/ou extremar as súas consultas do taboleiro mencionado, nos procedementos nos que participen. De existir alguma deficiencia técnica, erro ou imposibilidade de uso do fax sinalado nun principio, ou calquera cambio de comunicación ou dirección do tipo que sexa comunicada inicialmente, deberán comunicalo ao órgano encargado da negociación.

6. No procedemento darase un trato igual a todos os licitadores e non se facilitará, de xeito discriminatorio, información que poida dar vantaxes a determinados licitadores con respecto ao resto. En particular, non se poderá revelar aos demáis participantes as solucións propostas por un participante ou outros datos confidenciais que éste lles comunique sen previo acordo dese participante.

7. No expediente deberá deixarse constancia documental de esta fase de negociación e, particularmente, das ofertas recibidas e das razóns para a sua aceptación ou rexeditamento.

8. No non previsto na presente cláusula será de aplicación o réxime contemplado nos arts. 80 a 84 do RD 1098/2001.

Proposta de cualificación de ofertas desproporcionadas e de clasificación das restantes.

1. O órgano encargado, de conformidade cos artigos anteriores, formulará proposta de declaración de ofertas desproporcionadas ou anormais, tramitado o procedemento establecido no art. 13 destes pregos; así como proposta de clasificación das restantes proposicións, por orde decrecente en atención ás súas ofertas.

2. A proposta de exclusión de ofertas desproporcionadas e de clasificación das restantes non crea dereito algún para o empresario.

Exclusión de ofertas desproporcionadas e clasificación das restantes presentadas.

1. Se o órgano de contratación, á vista do procedemento tramitado segundo o art. 13 e da proposta do órgano encargado da apertura de ofertas, estimase que algúna oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, declararaa como desproporcionada ou anormal e excluira da clasificación.

2. O órgano de contratación clasificará, por orden decrecente, as proposiciones presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado. Para realizar dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para elo canticos informes técnicos estime pertinentes.

Cando o único criterio a considerar sexa o prezo, como neste suposto, entenderase que a oferta económicalemente máis vantaxosa é a que incorpora o prezo máis baixo.

15.- GARANTÍA E OUTROS REQUISITOS PREVIOS Á ADXUDICACIÓN

O licitador que fora obxecto da “Proposta preliminar de adxudicación” será requerido para que no prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte en que recibira a notificación, para presentar a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa de cumplimento dos requisitos previos:

De conformidade con art. 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores), deberá presentar toda a documentación relacionada la clausula 11 e que declarou posuér mediante a declaración responsable presentada no sobre A.

b) Documentación necesaria para a adxudicación do contrato:

O licitador deberá presentar a documentación prevista no artigo 151 do TRLCSP, entre a que se atopa :

- A xustificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e para coa Seguridade Social na forma e alcance prevista nos artigos 13 a 15 do RD 1098/2001, incluíndo o relativo ó Imposto de Actividades Económicas.

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

Polo que respecta á acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa entidade local, esta será comprobada de oficio polo propio Concello mediante Informe emitido pola súa Tesourería, e que será unido ó expediente.

Asemade, deberá aportar xustificante de ter constituída a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

- O importe da garantía definitiva será o 5 % do importe da adxudicación do contrato, excluído o IVE., por calquera dos medios aos que se refire o art. 96 do TRLCSP e presente a documentación xustificativa de habela constituido.

Responderá esta garantía do adecuado cumprimento polo contratista das súas obrigacións, ata o remate do período de garantía do contrato, incluíndo as consideracións feitas a este respecto nos Pregos de Prescripcións Técnicas.

- Antes da adxudicación, o licitador deberá aportar póliza de responsabilidade civil para responder de calquera dano cuasado a terceiros ou o Concello durante a execución do contrato, por un importe de cando menos 300.000, oo euros, sen ningún outo límite por sinistro.

Se o licitador proposto non aportara a documentación no prazo que se lle dera para facelo, entenderase que retirou a súa oferta, e procederase a recadar a mesma documentación ó licitador seguinte segundo a orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

16.- ADXUDICACIÓN

A adxudicación producirase dentro dos 3 días hábiles seguintes a aquel no que o licitador proposto aportara a documentación mencionada anteriormente.

17.-DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN.

O adxudicatario queda obrigado a subscribi-lo contrato administrativo no prazo máximo de 10 días hábiles a contar desde a notificación da adxudicación. En principio, sen a previa formalización do contrato non poderá iniciarse a súa execución.

De non se formaliza-lo contrato no prazo indicado por causas imputables ó adxudicatario, a Administración poderá declarar resolto o contrato, e sen prexuízo da esixencia da correspondente indemnización polos danos e prexúzos.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública a petición de calquera das partes. Neste caso, os gastos da devandita formalización serán de conta da parte que a solicitou. Unha copia da escritura do contrato unirase ó expediente.

18.-GASTOS DO ADXUDICATARIO.

Sen prexuízo doutros que puideran corresponderlle, serán de conta do adxudicatario os seguintes gastos

e obrigacións:

- a)-Os gastos de publicación que puidera xera-lo procedemento.
- b)-Os tributos estatais, autonómicos e municipais que puideran derivarse do contrato.
- c)-Asumi-lo pago do IVE, que se entenderá incluído dentro do prezo de adxudicación.
- d)-No seu caso, os de formalización do contrato en escritura pública, segundo o sinalado nestes Pregos.
- e)-Xestionar cantas autorizacións ou permisos administrativos ou doutro tipo puideran ser necesarios para a execución completa do obxecto do contrato, debendo abonar á súa costa tódolos gastos que se devenguen para a xestión das devanditas autorizacións ou permisos. Figurará como titular da autorización o Concello, ou persoa que este designe.

19.-RESPONSABLE DO CONTRATO.

De conformidade co previsto no artigo 52 do TRLCSP, con obxecto de supervisa-la execución do contrato e adopta-las decisións e dita-las instrucións necesarias coa fin de asegura-la correcta realización da prestación pactada, o Concello poderá nomear un responsable do contrato.

20.-CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN.

O contratista non poderá cede-los dereitos dimanantes do contrato, mais tampouco subcontratar parte algunha deste contrato, sen obter previamente a autorización do Concello, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 226 e 227 do TRLCSP.

O contratista está obrigado a abona-lo prezo pactado ós subcontratistas, dentro dos prazos e con arranxo ás condicións establecidas no artigo 228 do TRLCSP.

21.-EXECUCIÓN DO CONTRATO.

O contrato deberá executarse con estrita suxección a estes Pregos, e ás instrucións que en interpretación dos mesmos poda dita-lo Concello. Asemade, executarase co debido respecto á lexislación de contratos das Administracións Públicas e ó resto da normativa que lle sexa de aplicación.

A execución do obxecto contractual comezará na data sinalada no documento de formalización. De non especificarse no mesmo, a data de inicio será precisamente a do documento de formalización.

De apreciarse pola Administración unha incorrecta execución do contrato, requerirá ao contratista (pudendo este manifestar o que estime oportuno) para que proceda á súa subsanación no período de tempo oportuno. Superado o mesmo, aplicarase o réxime de demora na execución previsto nos artigos 212 e seguintes do TRLCSP.

Non existirá vinculación ou relación laboral ou similar de ningún tipo entre o persoal do contratista e o Concello.

22.-RECEPCIÓN DO CONTRATO.

Dentro do mes seguinte á finalización do contrato, realizarase un documento de recepción, de conformidade co artigo 222.2 do TRLCSP. Formalizarase unha acta, e se os traballos non se executaron adequadamente, farase constar na acta.

Será a partir deste momento no que comezará a contar o período de garantía.

23.-PRAZO DE GARANTÍA..

O prazo de garantía terá unha duración mínima dun ano a contar dende a recepción dos traballos.

24.- LIQUIDACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

Transcorrido o prazo de garantía, o Concello, a instancia do contratista, procederá á liquidación do contrato e, se procede, á devolución ou cancelación da garantía.

No caso de que se apreciasen deficiencias na prestación, o Concello procederá a ditar as oportunas instrucións ó contratista para a debida reparación. Para isto, concederalle un prazo, durante o que o contratista continuará encargado de realizar os traballos, e sen dereito a percibir cantidade algunha pola ampliación do prazo de garantía.

25.-CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

Serán as previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, cos efectos previstos nos seus artigos 225 e 309.

26.-RÉXIME XURÍDICO.

O presente contrato ten carácter administrativo e, ámbalas dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación reguladora dos contratos das Administracións Públicas e ás súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de Dereito Administrativo; e, no

seu defecto, as normas de Dereito Privado.

As cuestións litixinasas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato, serán resoltas polo Concello, poñendo as súas Resolucións fin á vía administrativa. Contra estas, caberá a interposición de recurso potestativo de reposición, ou de recurso contencioso-administrativo, segundo o regulado na Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común en a Lei 29/1998 da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que o recorrente estime oportuno e sexa aceptable en Dereito.

Os litixios serán vistos polos xulgados ou tribunais que sexan competentes en razón do domicilio da Corporación.

A Estrada a 13 de Xaneiro de 2017
O ALCALDE,



A Asdo. José López Campos

Anexo I. DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dna., con DNI en nome propio ou en representación da empresa, con CIF, manifesta a súa vontade de participar no procedemento negociado sen publicidade convocado para a contratación do servizo de "Lectura de contadores de auga e servizos complementarios para o Concello da Estrada"

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Primeiro.- Que cumpre todos os requisitos previos esixidos polo punto primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato antedito, en concreto, os seguintes:

1.- Que coñece os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescripcións técnicas que serven de base ó contrato e que os acepta como lei de contrato.

2.- Que cumpre coas condicións establecidas legalmente no TRLCSP para contratar co Concello da Estrada, ostentando plena capacidade xurídica e de obrar e, de ser o caso, ten poder bastante para representar a empresa neste procedemento de contratación.

3.- Que cumpre cos requisitos de solvencia económica, financiera, técnica ou profesional esixidos para contratar coas Administracións Públicas.

4.- Que non está incuso en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 60 do TRLCSP.

5.- Que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado e o Concello da Estrada e fronte á Tesourería da Seguridade Social.

6.- Que ten a clasificación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas e que está vixente á data de presentación da oferta, sendo esta: Grupo Subgrupo Categoría (a cubrir só no caso de que se esixa clasificación conforme aos Pregos Administrativos).

No caso de que unha parte da prestación obxecto do contrato, cuxo importe non exceda do 50% do prezo do contrato, teña que ser realizada por empresas especializadas cunha determinada habilitación ou autorización profesional, a mercantil declara que suplirá a clasificación no subgrupo correspondente a dita especialización subcontratando a execución desta parte con outros empresarios que dispoñan da habilitación e no seu caso, clasificación necesaria.

7.- No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, así como os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional se acrediten mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, o licitador manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

8.- Que acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente, no caso de que o Concello decida facelo mediante este medio, sendo o mesmo o seguinte:

9.- Que acepta o fax como medio de notificación das actuacións que resulten necesarias para a negociación, sendo o mesmo o seguinte:

10.- No suposto de que o licitador sexa estranxeiro, comprométese a someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españoles de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder.

Segundo.- Que se compromete, no caso de que a súa oferta resulte máis vantaxosa, a presentar, previamente a adxudicación do contrato, os documentos aos que se fai referencia no punto

primeiro desta declaración e que sinalen os pregos que re xen esta contratación.

E para que así conste, asina esta declaración na Estrada, a ____ de _____ de 20____